
CONFERENCIA SINDICAL NACIONAL

Compostela 7 de febreiro de 2012

DOCUMENTO DE ANÁLISE E DEBATE

Situación político sindical e laboral



Confederación Intersindical Galega

Documento avaliativo da situación político sindical e laboral

A crise económica e as políticas do poder

Estamos a vivir nun escenario de crise do sistema. Á **crise económica** hai que sumarlle unha **crise política**, derivada dunhas institucións políticas cunha imaxe cada vez máis deteriorada, diante de amplos sectores da sociedade, polo seu papel á marxe dos intereses da maioría social e ao servizo dos intereses dos poderes económicos; unha **crise enerxética** que leva ao malgasto no consumo, por parte dos países máis desenvolvidos, de fontes de enerxía esgotábeis, de orixe fósil, altamente contaminantes e sen que se promova o desenvolvemento masivo de enerxías renovábeis e limpas e un consumo responsábel, simplemente porque non lle interesa ás grandes empresas multinacionais do sector; unha **crise medio ambiental** motivada pola emisión á atmosfera dos gases efecto invernadoiro, a utilización masiva de pesticidas na gandaría intensiva, a desaparición de grandes masas forestais, a contaminación de acuíferos, a perda de biodiversidade e, no caso da Galiza, o deterioro das rías e da costa, unha das máis contaminadas de Europa, polo abandono dos gobernos español e galego, o que está a provocar a perda de bancos pesqueiros e marisqueiros, coa conseguinte perda de capacidade produtiva e de emprego.

A crise económica é unha crise de sobreprodución, dun reparto desigual da riqueza, vinculada a un modelo económico profundamente especulativo, xerador de burbullas diversas, que funciona á marxe da economía real, parasita e marxina a economía produtiva, precariza as condicións de traballo, transfere recursos públicos e rendas do traballo ao capital, incrementa as desigualdades sociais, concentra a riqueza en poucas mans e debilita á clase traballadora fronte á burguesía.

Esta crise económica está a ter especial repercusión nos Estados da periferia de Europa, motivada, en grande parte, pola forte especulación coa débeda pública, consentida e alimentada pola UE e o BCE, como mecanismo xerador de grandes beneficios e recapitalizador da banca europea, especialmente da alemá e francesa.

A especulación coa débeda pública, estase a dar nos Estados que forman parte do euro, o cal non é estraño se temos en conta que estes Estados cederon á UE a súa política monetaria, polo tanto a súa capacidade para emitir moeda, deprecia-la ou fixar o tipo de xuros. Estes Estados renunciaron así a ter un verdadeiro banco central, ao tempo que deron o visto e prace a un Banco Central Europeo que, ademais de funcionar á marxe do control das institucións políticas europeas, non cumpre realmente o seu papel de banco central xa que ten prohibido, polo propio Tratado da UE, o prestar cartos directamente aos Estados ou comprarlles débeda pública. Se así se fixese, desde o principio da crise, a tal especulación coa débeda pública non existiría.

Ao amparo ou coa desculpa da crise económica e a necesidade de combater o déficit e a alta débeda pública, desde a UE, o BCE e FMI, estase a promover unha dura política de recorte de dereitos e do gasto social, co conseguinte deterioro nas condicións e calidade de vida da maioría da poboación. Trasládase, así, o custo da crise á clase traballadora, búscase a saída da crise pola vía de afondar aínda máis neste modelo de capitalismo neoliberal e favorécese abertamente os intereses do capital financeiro. Todo iso baixo a dirección da dereita europea, coa colaboración da socialdemocracia, é dicir, o PP e o PSOE no caso do Estado Español.

Estas políticas ultraliberais, no noso caso, concréntanse: no abaratamento e facilidades para o despedimento; no retraso da idade de xubilación aos 67 anos e outras medidas que dificultan o acceso a unha pensión pública e rebaixa a contía das mesmas; nas facilidades ás empresas para descolgue no cumprimento das cláusulas salariais; na redución dos soldos do persoal das administracións públicas; no recorte do gasto en servizos básicos como o ensino, a saúde ou a asistencia social; no aumento dos impostos indirectos e a redución dos impostos directos a empresas e grandes fortunas; en novas reformas da contratación que favorecen os contratos temporais, os contratos a tempo parcial, todos eles subvencionados, e mesmo se recupera o “contrato” de aprendizaxe cunha carencia absoluta de dereitos; nunha reforma da negociación colectiva que favorece a centralización da mesma, ao tempo que abre a porta a convenios de empresa que poden rebaixar o pactado nos convenios de sector; a venda de empresas públicas, etc. Aspectos todos eles avaliados puntualmente pola nosa organización e que foron motivo de contestación social, mesmo coa convocatoria de dúas folgas xerais.

Estamos asistindo pois, no contexto europeo, a un proceso bastante xeneralizado de dereitización, tanto no que ten que ver coas políticas económicas, sociais e laborais, como no propio exercicio de dereitos democráticos e liberdades públicas. Xeneralízanse as políticas económicas ultraliberais e de recorte de dereitos que se impoñen desde instancias políticas e económicas (BCE, FMI, CE.) que funcionan á marxe de calquera control democrático; impóñense tamén, por parte destas mesmas instancias, presidentes de goberno ou primeiros ministros sen que os mesmos pasen por unha elección cidadá previa (casos de Grecia e Italia); contrólase e monopolízase, cada vez máis, toda a información pública por parte do capital financeiro; faise cada vez máis descarado o vínculo directo entre gobernantes e grupos económicos (o Presidente do BCE, presidente para Europa do FMI, primeiros ministros de Italia e Grecia, todos eles ex-directivos do banco norteamericano Goldman Sachs; Felipe González e Aznar, asesores de Repsol e Endesa; Tony Blair, ex-primeiro ministro inglés, directivo do banco norteamericano J.P.Morgan; o ministro español de Economía, de Guindos, ex-directivo de Lehman Broders, e así moitos máis); reprímese con dureza e silénciase a aquelas organizacións sociais e políticas que nos mobilizamos contra todas estas medidas antisociais e este modelo económico (xuízos sindicalistas CIG, ...).

A nivel internacional, o imperialismo de USA e da UE, buscan manter a súa hexemonía económica pola vía do recurso á intervención militar para garantirse o control dos mercados e as fontes de materias primas, ao tempo que tentan evitar a penetración de Rusia, China ou Brasil en zonas xeoestratéxicas importantes. A esta estratexia obedecen a intervención armada en Irak, Afganistán, Palestina ou Líbia, e mesmo o acoso que nestes momentos está a sufrir Irán.

As profundas dificultades que está a ter o capital para superar a crise económica, vai agudizar aínda máis todas estas prácticas antidemocráticas, atentatorias contra as liberdades públicas e os dereitos da clase traballadora e dos pobos.

Compre seguir pois coa nosa liña sindical de denuncia e oposición a esta UE, ao servizo dos mercados e do capital financeiro, fortemente centralizada, negadora da soberanía nacional das nacións que a integran, defensora dun modelo económico e social de capitalismo neoliberal que se pon de manifesto nas políticas que promoven as súas institucións políticas e financeiras e que consagra no seu Tratado Constitucional, xeradora de desigualdades entre clases e pobos. Temos que manter a defensa dunha Europa social, democrática, ao servizo dos intereses das clases traballadoras e respetuosa co dereito de autodeterminación das nacións que formamos parte da mesma, así mesmo, debemos manter un posicionamento firme, antiimperialista, de oposición a calquera forma de intervención armada, por parte do imperialismo, que viole a soberanía dos pobos.

Escenario político no estado e alternativas

Os resultados das eleccións xerais que se veñen de realizar no Estado Español, o día 20 de novembro, para a elección de representantes no Congreso e no Senado, sitúanos nun escenario político, que non por esperado é menos grave e preocupante. A maioría absoluta do PP, déixalle as mans libres para afondar nas políticas ultraliberais que veu aplicando nos dous últimos anos o PSOE. Imos ter que enfrontar pois, nos próximos meses, decisións políticas a cargo do goberno español, en materia social, laboral e económica, que van ser fiel reflexo das esixencias que nestas materias manteñen a CEOE, o FMI, o BCE ou a CE. Medidas que van empeorar e precarizar as condicións de vida e de traballo da maioría da poboación, que buscan debilitar á clase traballadora e as súas armas de defensa, como é o caso da negociación colectiva ou o dereito de folga, que non van servir para reactivar a economía e xerar emprego, situándonos de novo nun escenario de recesión económica e dunha forte conflictividade social.

As primeiras medidas que vén de adoptar o goberno español, do PP, pasan por un recorte do gasto público de máis de 8.000M€ e de certas reformas fiscais, coas que busca incrementar os ingresos en máis de 6.000M€, que inciden fundamentalmente sobre a clase traballadora e as clases medias e das cales exclúe ás grandes fortunas, empresas e banca. Tendo en conta que o obxectivo do goberno é reducir o déficit en 40.000M€ no ano 2012, para cumprir así o que lle impón a UE, e de que a política a seguir para reducir este déficit vai estar centrada na austeridade no gasto público, hai que prever de que nun prazo curto de tempo se anuncien recortes do gasto que van afectar de forma moi dura á calidade e ao emprego dos servizos públicos básicos, ademais de xerar máis parón da economía e polo tanto perda de emprego. A isto temos que engadirlle o xa anunciando dunha reforma laboral profunda que vai traer consigo máis precariedade, facilidade para o despedimento, recorte de salarios, etc., ou tamén a anunciada reforma da lei do aborto, ás que posibelmente sigan a reforma da lei de igualdade, a reforma do código civil e outras. En definitiva máis precariedade, desemprego, desigualdades sociais, pobreza e recorte de dereitos.

Sería positivo, para axudar na mobilización social, que o sindicalismo españolista, neste novo escenario político, cun goberno de dereitas que vai agudizar as políticas de agresión á clase obreira, abandonase a política de pacto social e adoptase unha actitude de oposición ás mesmas e de contestación social. Pois ben, polo que vemos que está a suceder nas chamadas mesas do diálogo social, tanto en Galiza como no Estado, todo indica que o seu modelo sindical de aceptación do sistema, de colaboración co poder, de desideoloxización da clase obreira e de desmobilización, seguen a ser a base da súa actividade sindical, tamén nestas circunstancias económicas, sociais, laborais e políticas tan duras para todos os traballadores e traballadoras, o cal afasta a posibilidade dunha resposta en común, deles e máis nosa, en canto a xerar un amplo movemento de contestación social a todas estas políticas antisociais.

A dinámica que se está a seguir nas mesas do diálogo social é moi similar á que se seguiu co goberno do PSOE. Os temas que se están a tratar e sobre os que xiran a base principal dos acordos son aqueles que lle teñen especial interese e favorecen á patronal. Na época do Goberno PSOE, o Pacto asinado tiña como base fundamental a reforma das pensións e as bonificacións ás empresas dos contratos a tempo parcial. No Pacto que veñen de asinar as centrais sindicais españolistas e a patronal, o que se busca é rebaixar significativamente os salarios nos próximos anos, facilitarlle ás empresas a flexibilidade interna, favorecer o control do absentismo, trasladar os festivos a luns ou pactar o modelo de formación. Todos estes procesos “negociadores” fanse desde unha posición de desmobilización da clase obreira e de debilidade das centrais sindicais que están a participar nas mesmas, polo tanto non estamos a falar realmente dunhas mesas de diálogo propiamente dito, senón dun escenario de fortaleza da patronal na que de forma reiterada o que aí se aproba beneficia claramente ao capital e prexudica ao traballo, tanto nas medidas concretas que se aproban, como no modelo económico que se fortalece, como nos conceptos ideolóxicos que se trasmiten.

Desde o inicio da crise económica, como central sindical fixemos unha análise das causas e dos responsables da mesma e **presentamos todo un conxunto de alternativas que teñen que seguir sendo as nosas reivindicacións de cabeceira: reforma fiscal na defensa dun modelo que grave máis as rendas máis altas, as grandes fortunas, a banca e as grandes empresas; medidas contra a fraude fiscal; eliminación dos**

paraísos fiscais; penalización dos movementos especulativos do capital; creación dunha banca pública; mellora do poder adquisitivo dos salarios; incremento do investimento público; mellora dos servizos públicos básicos como o ensino, a saúde ou a asistencia social; mellora das prestacións dos sistemas públicos de protección social; fomento da economía produtiva fronte á especulativa; creación de empresas públicas en sectores estratéxicos da economía; defensa dun novo modelo económico e social xusto, solidario, democrático, sustentábel social e medio ambientalmente; defensa dun Marco Galego de Relacións Laborais con plenas competencias, dentro dun marco político amplo de soberanía política para Galiza.

Neste novo contexto político, pero nada novo no social, económico e laboral, cómpre que a CIG siga a manter a iniciativa en canto a dar alternativas, promover e estar ao fronte da contestación social a estas políticas tan antiobreiras, impulsar a conformación de movementos sociais amplos de oposición ás mesmas, denunciar o modelo sindical de pacto social que representa o sindicalismo español por ser desmobilizador e contrario aos intereses da clase traballadora, manter o debate ideolóxico e a reivindicación dun novo sistema económico e social.

Galiza

Polo que respecta á situación na nosa nación, desde que estourou a crise económica, estamos asistindo a un peche continuado de empresas e de perda de postos de traballo, situando o número de persoas en desemprego en 240.400 (18,1%), segundo a EPA, e en 258.234 (19,44%), segundo o paro rexistrado, a 31.12.11, ao que habería que sumarlle os centos de galegos e galegas que seguen a emigrar todos os meses. Estamos a falar de que son 120.000 persoas máis as que engrosaron o número de desempregados e desempregadas en Galiza, desde mediados de 2007, véndose esa tendencia agudizada nos últimos meses de 2011. Por provincias, a máis afectada pola destrución de emprego, é a de Pontevedra e por sectores están a ser a construción e afíns, sector naval, téxtil e automoción. En xeral, todo o noso tecido produtivo está a sufrir un forte deterioro, sen que por parte da Xunta se estean a adoptar políticas de defensa e recuperación do mesmo, nin se vexa perspectiva ningunha de mellora no próximo ano, dadas as políticas neoliberais que se están a facer e as previsións de entrada de novo en recesión, nos próximos trimestres.

Diante desta situación, a Xunta de Galiza, o goberno do PP, mantivo, desde que tomou posesión, unha actitude de deixarse levar pola situación, culpando de todos os males da economía galega a anteriores gobernos, tanto da Xunta como do Estado; promovendo políticas de recortes do gasto social en materia do ensino, saúde ou servizos asistenciais, co conseguinte deterioro dos mesmos e perda de empregos; o establecemento do copago en saúde e outros servizos públicos; aplicando recortes nas políticas de igualdade ao tempo que subvenciona con fondos públicos a asociacións ultracatólicas, repousando nelas a función de “asesorar e protexer” ás mulleres, xunto coa aprobación de leis tan retrógradas como a Lei de Apoio á Familia e á Convivencia; a privatización e encarecemento do prezo das escolas infantís; facilitándolle á patronal os EREs; privatizando servizos; negándose a recuperar o imposto sobre o patrimonio ou a fixar novos tipos impositivos ás rendas máis altas; ou promovendo a persecución do noso idioma. En definitiva, sendo fiel a súa ideoloxía de dereitas, neoliberal e profundamente antigalega. Co novo escenario político a nivel estatal imos asistir a un seguidismo claro de todas as políticas e directrices que fixe o goberno central do PP.

En canto ao diálogo social en Galiza, estamos asistindo cada certo tempo a unha posta en escena na que Xunta, CEG, CCOO e UGT, aparecen anunciando a sinatura de novos acordos, van da orde de 29, en materia de políticas activas, participación institucional, políticas de igualdade ou infraestruturas e medio ambiente, que enmarcan dentro dunha política xeral de loita contra a crise e pola xeración de emprego, sen que as mesmas teñan evitado no máis mínimo a destrución do noso tecido produtivo, a perda masiva de emprego ou o deterioro dos servizos públicos do ensino, saúde ou asistencia social. Unha vez máis o sindicalismo español aparece aliado coa patronal e coa dereita, dándolle cobertura social e contribuíndo ao confucionismo ideolóxico e á desmobilización da clase traballadora galega.

Se a defensa do noso dereito a decidir e a nosa soberanía política, como nación, estivo sempre máis que xustificada como única forma de garantirmonos mecanismos políticos que posibilitasen o desenvolvemento económico e social do noso pobo, así como a plena normalización da nosa cultura e o uso do noso idioma, no contexto actual de crise económica, de concentración e centralización do poder, cobra especial importancia o dispor de plenas competencias en materias claves como a política financeira, fiscal, laboral ou industrial.

Temos que ser activos e activas interna e socialmente, no debate e a reivindicación dun Marco Galego de Relacións Laborais, con plenas competencias, no que a clase traballadora poida decidir por si mesma sobre as súas condicións laborais e sociais, no marco dunha Galiza soberana que rompa coa monopolización do poder e da toma de decisións, por parte de institucións políticas e financeiras, controladas pola oligarquía financeira e as forzas políticas neoliberais.

Mobilización social

Desde o inicio da crise económica, a principios de 2008, a CIG centrou a súa oposición á mesma en varias fronteiras: na defensa dos postos de traballo, diante dos numerosos peches de empresas e expedientes de regulación de emprego; na defensa dos servizos públicos, gravemente afectados polos recortes do gasto público, impostos polos diferentes gobernos; nas varias campañas e mobilizacións en resposta ás contrarreformas laborais e da seguridade social promovidas polos gobernos español e que acadaron a máxima resposta coa convocatoria de dúas folgas xerais, a do 29 de setembro de 2010 e a do 27 de xaneiro de 2011, esta última convocada en solitario en Galiza pola CIG, coincidindo coa convocatoria que en Euskal-Herría fixeron os sindicatos da maioría sindical vasca.

Outras mobilizacións de carácter xeral, nas que participou activamente a nosa central sindical, foron: as de oposición ao proceso de bancarización das caixas de aforro de Galiza, coa finalidade de privatizalas; a resposta á reforma da Constitución Española, pactada entre o PSOE e PP, para introducir na mesma o principio do equilibrio orzamentario e as garantías á banca de que se daría prioridade á devolución dos seus préstamos fronte a calquera outro gasto do Estado; ou a Marcha polo Emprego, que promovemos desde todas as cidades galegas e que rematou cunha manifestación nacional o día 3 de xullo, en Compostela.

Practicamente coa excepción das dúas folgas xerais, nas que o nivel de participación foi aceptábel, tendo en conta as difíciles circunstancias en que convocamos calquera delas, en xeral no resto das convocatorias a participación foi inferior ao que cabería esperar nunha situación cun ataque tan duro a dereitos e condicións laborais da clase traballadora e por temas tan sentidos socialmente. Neste nivel de resposta por debaixo do que cabería agardar, están a influír diferentes factores: o medo á perda do posto de traballo, nun escenario cun nivel de desemprego enorme; a mensaxe permanente e uniforme despregada polos grandes medios de comunicación, terxiversando as verdadeiras razóns da crise e transmitíndolle á poboación que estas son as únicas políticas posíbeis; a propia interiorización por parte da clase traballadora de que non hai alternativas e da dificultade de mudar estas políticas diante dunha crise europea e mundial. A maiores, influíron tamén, na medida en que puideron dificultar o traballo de axitación por parte das estruturas da CIG, factores como a alta concentración de mobilizacións, o propio traballo para as eleccións sindicais e, como non, a escasa difusión que, en xeral, fixeron os medios de comunicación das nosas propostas e mobilizacións.

A resposta como CIG á crise económica foi, desde o inicio, a de clarificar, diante da clase traballadora, cales foron as causas da crise e os responsábeis da mesma; que este modelo económico en crise é un modelo inxusto, insolidario e antidemocrático, contrario aos intereses da maioría social; que é necesario conquistar un novo modelo económico e social favorábel aos intereses dos traballadores e traballadoras, garante dun reparto equitativo da riqueza e de dereitos básicos como o ensino, a saúde, a vivenda, o traballo, a enerxía, ... e que para iso era fundamental a mobilización e a contestación social en todos os ámbitos. Este contido e

esta orientación foron a base das nosas campañas, das nosas mobilizacións e das nosas alternativas, fronte á crise económica e ás políticas neoliberais, antisociais e antiobreiras promovidas desde as diferentes instancias económicas e políticas.

Neste período de tempo promovemos tamén, dentro das nosas limitacións, a solidariedade coa clase traballadora e as organizacións sindicais afíns doutras nacións do Estado Español e con Portugal. Resultado desta iniciativa da CIG foron, a manifestación que celebramos o día 5 de abril en Madrid, cunha importante participación de compañeiros e compañeiras da nosa central sindical e dos sindicatos integrantes da maioría sindical de Euskal-Herría, e unha presenza máis simbólica de sindicatos nacionalistas de Catalunya e Canarias. Así mesmo, outro acto relevante foron as concentracións que celebramos o día 23 de novembro, en Galiza e en Euskal Herría, diante dos consulados de Portugal, promovidas por CIG e ELA, en solidariedade coa clase traballadora portuguesa, con motivo da folga xeral que celebraron o día 24. Neste camiño temos que seguir afondando, tanto no ámbito do Estado como no ámbito europeo, especialmente no que ter que ver cos Estados da periferia que hoxe están a sufrir de forma máis grave as consecuencias da especulación coa débeda pública, do déficit público e das políticas antisociais que está a promover o poder ao amparo desta situación.

Ante a realidade que temos por diante, non podemos baixar a garda na mobilización, na contestación social e no debate ideolóxico, aínda que a resposta non sexa todo o que nós agardamos e nos gustaría. Existe necesidade e condicións obxectivas para facelo, outra cousa é que as condicións subxectivas nestes momentos non nos acompañen. Cómprenos a nós, facer todo o posíbel para inverter esta situación, sermos creativos nas respostas sociais que promovamos, facerlle ver á clase traballadora que a única vía para cambiar estas políticas e esta situación é a través da loita e da organización, e traballar co convencemento de que esa resposta e esa mobilización masiva vai terminar chegando.

No campo internacional, temos que seguir a promover iniciativas que favorezan a resposta activa, coordinada e solidaria da clase traballadora, fronte á crise e ás políticas antisociais e antiobreiras. Inicialmente das nacións do Estado Español e de Portugal, extendendo esta acción, na medida en que iso fose posíbel, a outros Estados Europeos.

Negociación colectiva

O seu debilitamento é sen dúbida un dos grandes obxectivos que se ten marcado a patronal e o goberno. A negociación colectiva é unha das principais ferramentas que ten a clase traballadora para mellorar as súas condicións de traballo e de vida, unha fonte importante de afiliación, organización e toma de conciencia de clase e polo tanto, tamén, un mecanismo moi útil nas mans de traballadores e traballadoras para oporse e tentar mudar os retrocesos que representan as sucesivas contrarreformas laborais e sociais. Non é pois de estrañar que desde a patronal, e desde instancias internacionais como a Comisión Europea ou o FMI, estean permanentemente insistindo na necesidade de reformar a negociación colectiva no Estado Español.

A reforma promovida polo PSOE, que se concreta no Real Decreto-Lei 7/2011, apunta xa nun camiño que favorece a centralización dos convenios no ámbito estatal, busca a desaparición dos convenios provinciais e abre a porta a pactar convenios de empresa en condicións inferiores ao propio convenio de sector. Trátase pois dunha reforma que, por unha banda, favorece a monopolización da negociación por parte das organizacións estatais sindicais e patronais e, por outra banda, divide e debilita á clase traballadora e favorece o recorte e precarización das condicións de traballo, vía convenios de empresa e convenios franxa.

Todo indica que o PP prepara medidas para afondar máis na reforma da negociación colectiva, pola vía de facilitarlle o descolgue dos convenios e a flexibilidade interna ás empresas, limitar o máis posíbel a ultra-actividade e mesmo darlle prioridade absoluta de aplicación aos convenios de empresa, fronte aos convenios

de calquera outro ámbito. Isto último pode ter máis dificultade para concretarse, dada a oposición que xa manifestaron a esta medida, patronais como a da construción e a do metal, que en clara conivencia co sindicalismo españolista están optando por fortalecer e monopolizar a negociación colectiva no ámbito estatal.

Estamos pois, ante unha reforma dunha enorme transcendencia para a clase traballadora e para nós, como organización sindical de clase, que sempre fixemos da negociación colectiva un elemento de participación, reivindicación e mobilización. Estas reformas buscan restarlle forza á negociación colectiva, dividir a individualizar aínda máis as relacións laborais, rebaixar salarios, empeorar globalmente as condicións de traballo, restarnos forza e marxinar nos dos centros de traballo ás organizacións sindicais e de forma especial ao tipo de sindicalismo que a CIG representa.

Polo que respecta ao pacto que, en materia de negociación colectiva, veñen de asinar a patronal e as centrais sindicais españolas, cómpre dicir o seguinte. O aspecto máis grave no que reincide o sindicalismo español é a entrega absoluta do seu modelo sindical á continuidade do diálogo social, nun momento no que este diálogo está máis secuestrado no seu propio resultado. As medidas que acordan son as que reclamaba a Patronal, tanto en salarios como na eliminación de dereitos, e sen que este Pacto desanime ao gran capital español para acometer novas medidas e reformas.

A desesperación de CCOO e UGT por manter vivo o diálogo social, mostra ata que extremo están dispostos á entregarse ao sistema sen resistencia e sen que dentro das súas organizacións, aparentemente, se dean movementos de oposición interna, mostrando un grao de descomposición ideolóxico superlativo. A consecuencia desto, a maiores do empobrecemento da clase traballadora, é a desactivación dunha resposta social mobilizadora para facer fronte a esta ofensiva brutal contra os asalariados e asalariadas. Por tanto, o sindicalismo español ten unha grande responsabilidade no que está sucedendo.

O Acordo para a Negociación Colectiva representa unha aceptación de perda significativa de rendas do salario nos tres próximos anos. Logo, acentúa a un ritmo máis acelerado a transferencia de salarios para rendas do capital. A maiores perfecciona a vixente Reforma de Negociación Colectiva nos aspectos da súa aplicación, a xeito de normas para o seu desenvolvemento posterior. Nos recentes Convenios Estatais, xa estamos comprobando a captación de materias exclusivas para este ámbito.

Partindo da normativa hoxe existente, que pode ser que o PP modifique na liña que comentamos con anterioridade, debemos orientar as nosas liñas de traballo no senso seguinte: evitando a perda de vixencia dos convenios provinciais; buscando un acordo interconfederal galego que nos facilite negociar convenios de ámbito galego e, se este acordo non fose posíbel, promovendo vía sectorial fórmulas que nos permitan acadar igual ese obxectivo; opóndonos aos intentos que poidan darse, desde os convenios estatais, de impedir a negociación de convenios de empresa.

Con independencia do que acorden no ámbito Estatal, estaremos en condicións de alterar os resultados destes convenios nos ámbitos inferiores. Ao non desaparecer o ámbito provincial, aínda que os empresarios deste non queiran tratar os temas salariais, será difícil para eles e máis para CCOO e UGT, impor mecánicamente os incrementos salariais pactados no acordo estatal, pola súa pobreza. Estaremos en condicións, logo dun traballo preliminar intensivo en cada sector, de desautorizar o Convenio Estatal. Outro frente que será esixente para nós será o da empresa. Potencialmente reproducirá a mesma inercia que o Provincial, pero reclamará un traballo descomunal para a nosa organización. Esta será una tarefa para a que nos debemos ir preparando.

En calquera caso, é evidente que o escenario da negociación colectiva está a mudar e se non queremos que eses cambios teñan consecuencias nefastas para a clase traballadora e para nós, como organización sindical, cómpre mellorar os nosos métodos de traballo, facendo cada vez máis un labor moito máis próximo ás empresas e creando estrutura e cadros dentro das mesmas. Iso é o que vai evitar que quedemos marxinaos e o que nos vai permitir seguir a ser un instrumento eficaz para a clase traballadora galega.

Eleccións sindicais

Cadro comparativo dos resultados electorais en cómputo de catro anos

Comarcas:	31/12/07	31/12/12
A Coruña	1.015 (23.8)	1.000 (23.4)
Ferrol	492 (34.7)	444 (32.6)
Lugo	466 (22.1)	395 (18.6)
Ourense	436 (20.5)	405 (19.9)
Pontevedra	710 (30.2)	617 (29.1)
Santiago	669 (30.3)	654 (27.7)
Vigo	1.839 (36.0)	1.481 (32.5)
Federacións:		
Administración	576 (24.3)	620 (24.4)
Banca	328 (27.0)	339 (23.9)
Construción	984 (33.7)	542 (28.4)
Ensino	165 (17.9)	191 (19.4)
Fgamt	749 (23.6)	633 (22.4)
Metal	1.183 (36.9)	1.001 (33.5)
Químicas	338 (32.8)	317 (32.9)
Saúde	150 (28.9)	120 (23.1)
Servizos	1.154 (26.7)	1.233 (26.3)

Estamos á espera de que as diferentes estruturas, comarcais e federativas, fagan unha avaliación detallada dos resultados electorais que nos permitan sacar conclusións a respecto do noso descenso electoral en dous puntos, nestes catro últimos anos.

Organización

Corren tempos difíciles para a clase traballadora e polo tanto tamén para as organizacións que defendemos os seus intereses. Os altos índices de desemprego, a precarización de mercado laboral, a individualización das relacións laborais, a perda de dereitos derivados das sucesivas contrarreformas en materia laboral e social, a concentración da riqueza e do poder en mans da oligarquía financeira, a propia febleza do campo ideolóxico e das forzas da esquerda, sitúanos nun escenario de debilidade da clase traballadora e, polo tanto, de dificultade á hora de dar resposta a estas políticas tan agresivas contra os nosos intereses de clase.

Diante disto, faise máis necesario que nunca, continuar co traballo de mobilización en defensa dos nosos dereitos, de divulgación das nosas alternativas, de debate ideolóxico sobre novos modelos económicos e sociais, de contacto directo coas empresas, pero para iso é fundamental ter un instrumento eficaz e iso chámase organización.

A CIG é unha central sindical que medrou de forma significativa en afiliación nos últimos anos, pero iso non se corresponde cunha evolución igual polo que respecta a súa organización. Seguimos a ter déficits, nos nosos métodos de traballo; na resposta unificada ás campañas ou acordos adoptados polos órganos de dirección da central sindical, nos diferentes niveis e independentemente da pertenza a unha ou outra sensibilidade; na falla de dedicación de compañeiros e compañeiras a labores específicos de organización que garantan unha execución áxil dos acordos adoptados, e no baixo nivel de organización dentro das propias empresas, feito que se ve dificultado debido á existencia de moita pequena empresa no noso país, o que reforza aínda máis a necesidade de termos que mellorar a organización e os métodos de traballo.

Todo este panorama sociolaboral sitúanos, no aspecto interno, nun escenario de baixada de cotas e caída de afiliación e no aspecto externo, na necesidade de dar a resposta máis adecuada a unha mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. En coherencia con todo isto facemos as seguintes propostas resolutivas en materia organizativa.

Propostas de resolución en materia organizativa

1 - Sindicalización.- Debemos entender este traballo en dous sentidos:

A.- Organización na empresa.- A forza do sindicato ten a súa raíz nos traballadores e traballadoras unidos e organizados no seu centro de traballo, na defensa dos seus intereses comúns, desencadéase a acción reivindicativa, afírmase a capacidade de resposta do sindicato aos problemas concretos dos traballadores e traballadoras e desenvólvese a conciencia de clase, por iso se en calquera momento é básico ter organización no seo da empresa, esta cobra especial importancia nun momento en que se agudizan as políticas do poder dirixidas a individualizar as relacións de traballo e a dividir e debilitar á clase obreira. Temos que chegar directamente coas nosas alternativas e as nosas campañas aos centros de traballo, ao tempo que temos que estar en condicións de coñecer e absorber a problemática dos e das traballadores e traballadoras e darlle resposta organizada. Para iso propomos que as federacións se dediquen, nos seis próximos meses, a promover a constitución de seccións sindicais nas empresas con presenza CIG, nunha primeira fase en aquelas que teñan máis de 50 traballadores e traballadoras, e ao final deste período faríase un balance global por parte do Secretariado, a partir dos informes das propias federacións.

B.- Afiliación.- Este traballo organizativo na empresa, debe ir acompañado dun traballo de afiliación que, ademais de achegar recursos económicos á central sindical, vainos facilitar introducirmos en novas empresas e crear un maior vínculo de unión entre a central sindical e os e as traballadores e traballadoras. Este traballo de afiliación ten que empezar polos propios delegados e delegadas da CIG e mesmo con aqueles compañeiros e compañeiras que se ben non saíron electos e electas, aceptaron ir nas nosas candidaturas, o cal nos tempos que corren xa non é pouco. Outro aspecto relacionado coa afiliación é o traballo de recuperación de aqueles compañeiros e compañeiras que se dan de baixa. Parece un contrasentido esforzarse por gañar nova afiliación e non dedicar máis esforzos a recuperar xente que xa estivo afiliada á central sindical, que se deu de baixa por motivos diversos, e falando con ela poden ofrecérselle alternativas que posibiliten que siga afiliada á central.

2 - Delegados e delegadas sindicais.- Sabemos perfectamente as dificultades que implica o poder facer traballo sindical nunha empresa se non se ten representación na mesma. Por iso, segue a ser fundamental o manter activa a elección de delegados/as durante todo o ano, planificando e facendo seguimento das mesmas por parte de todas as estruturas da central, nomeadamente as federacións, fixando obxectivos temporalizados e mantendo en funcionamento, con reunións mensuais, das comisións electorais comarcais.

Dada a importancia que os delegados e delegadas teñen para facer chegar as nosas alternativas aos centros de traballo, cómpre manter un contacto directo con eles e elas, de debate, formación e información sobre as alternativas e propostas mobilizadoras en todos os ámbitos. Para iso propomos a celebración de asembleas comarcais de carácter, como mínimo bimensual, para o cal é preciso, ademais dunha boa base de datos que facilite a convocatoria, o compromiso de todas as federacións. Este traballo de asembleas ten que ir acompañado dun traballo continuado e metódico de formación dos e das delegados e delegadas, con diferentes niveis no contido dos mesmos.

Todo este traballo de afiliación, eleccións de delegados/as e constitución das seccións sindicais nas empresas, vai ser moi eficaz en toda a nosa acción sindical, pero sobre todo á hora de afrontar a nova situación sindical que se está a dar coas reformas e pactos estatais, nun dos piares básicos da nosa acción sindical como é o caso da negociación colectiva. Neste senso, cómpre facer unha especial chamada de atención, sobre a importancia que ten para poder levar adiante estes obxectivos o traballo responsábel, metódico e controlado polos organismos de dirección correspondentes, dos liberados e liberadas sindicais.

3 - Campañas.- Debemos manter as campañas da central sindical, sobre todos aqueles temas ou materias que nos afecten de forma xeral como clase traballadora, que recollen o que son as nosas alternativas e reflicten, en moitos casos, o que é o noso modelo sindical e o modelo de sociedade ao que aspiramos. Para garantir a eficacia das mesmas, ademais dun bon soporte propagandístico, precísase o preparalas con tempo, non superpolas unhas con outras, un compromiso real de todas as estruturas e un traballo moi directo con actos na rúa, entidades sociais e nos centros de traballo, pois é a mellor, e a case única, forma de garantir que o contido das mesmas chegue á clase traballadora e a certos sectores sociais, de forma directa e non manipulada. E non facer isto así provoca ineficacia das campañas, perda de tempo de compañeiros e compañeiras, perda de recursos e en moitos casos frustración.

4 - Exclusión social e pobreza.- Os niveis tan altos de desemprego e perda de ingresos das familias, está a xerar unha situación real de empobrecemento e risco de exclusión social dun número cada vez maior de homes e mulleres, entre os que se atopan moitos afiliados e afiliadas da CIG. Entre os síntomas máis graves disto está a perda da vivenda, a falla dun emprego ou mesmo, nos casos máis extremos, as dificultades para poder comprar alimentos. Diante disto a central sindical ten que ter unha actitude activa de apoio a todos aqueles afiliados/as que poidan verse nesta situación, dándolle respaldo nas súas reivindicacións fronte aos bancos e/ou as Administracións. Debe de tratarse esta problemática nos organismos da central sindical, así como buscar fórmulas organizativas que nos permitan intervir e ofrecer un mellor apoio a todos estes compañeiros e compañeiras.

5 - Unha única resposta como central sindical.- O ataque xeneralizado que se está a dar aos dereitos e condicións de vida de toda a clase traballadora, precisa dunha resposta solidaria e común como clase. Por iso os conflitos, independentemente da empresa ou sector no que se dean, debemos consideralos como conflitos de todos e de todas nós, á hora de dar unha resposta solidaria aos mesmos. Cómpre que haxa, polo tanto, unha información áxil entre as diferentes estruturas e cos organismos de dirección da central, sobre os conflitos e a resposta sindical que a estrutura directamente responsábel dos mesmos está a dar en cada momento. A confederación en si mesma, representa precisamente o mecanismo organizativo de que nos dotamos para dar unha resposta solidaria e desde unha perspectiva de clase aos problemas da clase traballadora e polo tanto temos que ser coherentes coa mesma.

Cada unión comarcal, en colaboración coas federacións, deberá buscar aqueles mecanismos que lle resulten máis áxiles de cara garantir ese coñecemento e resposta solidaria aos conflitos. En calquera caso, temos xa hoxe na central uns instrumentos orgánicos constituídos que poden contribuír de forma eficaz a esta resposta solidaria e coordinada de toda a central, como é o caso dos Secretariados comarcais ou nacional.

6 - Funcionamento dos organismos das diferentes estruturas.- É difícil desenvolver todo este traballo organizativo e de acción sindical, con certo método e eficacia, se os propios organismos de dirección da central sindical, en diferentes niveis e estruturas, non funcionan de forma regularizada, como de feito así sucede en varios casos. Por iso é preciso garantir o funcionamento de todos eles, pois, ademais deste papel de planificación e dirección necesarios, poden cumprir tamén o papel de integración e formación de novos cadros para a central sindical.

Cómpre neste apartado insistir nun aspecto organizativo que foi tratado, e ao que se lle deu moita importancia, no noso último congreso, como é o caso de ter compañeiros e compañeiras, especialmente nas

executivas comarcais da confederación e nas executivas nacionais das federacións, con dedicación exclusiva ou moi preferente á organización, se queremos realmente garantir que exista coñecemento, execución e seguimento de todo o traballo, campañas e obxectivos que nos fixemos nos órganos de dirección da central.

Por último, queremos facer un chamamento á responsabilidade e ao esforzo de todos e todas, para pór en positivo a pluralidade existente hoxe na central sindical, evitando que a mesma se convirta nunha rémora ou atranco a hora de dar unha resposta áxil e unitaria aos conflitos laborais, e polo tanto procurando que dita pluralidade sirva para favorecer e enriquecer o debate de ideas e de alternativas á problemática da clase traballadora, buscando sempre o fortalecemento de aquilo que nos une e nos supera, xa que é patrimonio de toda a afiliación, é dicir, a central sindical.

Compostela, febreiro de 2012

Executiva Confederal